



BOP

LUNS, 7 DE AGOSTO DE 2023

N.º 180

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Juan Carlos Aguirre Ramos, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras, na parcela de referencia catastral 1582601PJ318S, en zona de policía.. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.92530.

As obras solicitadas consisten no peche de parcelas mediante dúas filas de bloques prefabricados rematada mediante maia metálica.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 31 de xullo do 2023.- a/o xefa/e do Servizo Territorial - Néstor Rodríguez Arias.

R. 2509

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Aprobación inicial expediente modificación de crédito 2/2023

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 2/2023 do orzamento 2023, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 11.100,00 € financiado con cargo ao remanente de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 31 de xullo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2510

Anuncio

Aprobación inicial expediente modificación de crédito 1/2023

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito nº 1/2023 do orzamento 2023, na modalidade de crédito extraordinario, por importe de 85.450,00 € financiado con cargo ao remanente de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 31 de xullo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2511

Anuncio

Aprobación inicial modificación bases de execución Orzamento 2023

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023, aprobou modificar a base nº 30 das Bases de Execución do orzamento 2023 aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 03.04.2023 e publicado definitivamente no BOP nº 109 de 13.05.2023.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días, a contar a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquer interesado nas dependencias municipais para que, no seu caso, presente as alegacións que considere oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentaran alegacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 31 de xullo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2512

BARREIROS

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2022

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión de 31 de xullo de 2023, a **CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2022** cos estados e anexos establecidos legalmente, exponse ó público polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Barreiros, 2 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2535

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de xullo de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa

pola prestación do servizo da Piscina Municipal e das cotas do 3º bimestre de 2023 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de agosto ao 13 de outubro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 28 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2513

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO. PLAN ÚNICO 2022

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 01/08/2023 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 01/08/2023 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.**

- Modalidade de contratación: o modelo de contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021..
- Duración: dende a resolución do proceso selectivo ata o día 31 de outubro
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.260,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de Auxiliar Administrativo/a segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **3 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 1 de agosto de 2023.- Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2514

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

Por Decreto número 6445/2023, de data dezoito de xullo de 2023, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao segundo trimestre de 2023, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 18 de xullo de 2023.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez.

R. 2515

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 05-07-2023, adoptou o acordo relativo á “Resolución de alegacións e Aprobación Definitiva do Proxecto de Equidistribución do sector de solo urbanizable delimitado S-1.I Coeses-Cuíña”, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Tomar razón do escrito de alegacións formulado pola mercantil “NEDGIA GALICIA S.A.” durante o período de información pública e notificacións individuais do **“PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S1.I “COESES-CUIÑA”** segundo a certificación expedida polo secretario xeral do Pleno, o 03-07-23. Significar que, de conformidade co informe do Servizo Municipal de Enxeñaría do 03-07-2023, as cuestións formuladas por este interesado refírense ao proxecto de urbanización, que é obxecto dunha tramitación neste Concello independente deste proxecto de equidistribución. En consecuencia, as ditas cuestións serán tidas en conta na resolución que daquel procedemento se produza no seu momento.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o **“PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S1.I “COESES-CUIÑA”, FORMULADO POR PARTE DO SEU PROPIETARIO ÚNICO, A ENTIDADE MERCANTIL “NOVAFRIGSA S.A.”**, ao abeiro do disposto nos artigos 121.3 e 106 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). Deberá procederse posteriormente, unha vez firme en vía administrativa, á súa inscrición no Rexistro da Propiedade en virtude do establecido nos artigos 107.3 da LSG e 272 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (RLSG).

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia en virtude do establecido no artigo 220.2-c) do RLSG e proceder á súa notificación aos interesados no expediente para o seu coñecemento e oportunos efectos, significándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a devandita resolución poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante o órgano que o ditou e no prazo de UN MES, contado, así mesmo, dende o día seguinte ao da notificación deste acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición tal e como establece o artigo 123 da Lei 39/2015.”

Lugo, 1 de agosto de 2023.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, (Decreto número 5756/2023), Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2516

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 31 de xullo de 2023 o expediente núm. 41/2023 de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 239.000,00 €, financiado con baixas por anulación doutras partidas, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 1 de agosto de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2517

PALAS DE REI

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA (Expte. 526/2023)

Resolución: Decreto do Alcalde do 1 de agosto de 2023, polo que se aproba inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Palas de Rei, conformados polo Técnico Municipal Juan Varela Portela, Enxeñeiro de Montes.

Referencia legal: Artigos 75 a 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación cos artigos 7.a) e 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e os artigos 27 e 31 a 36 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Obxecto: Acceso ao expediente e documentación técnica para exame e posibles reclamacións polas persoas interesadas.

Prazo: Quince días, a partires do seguinte ao na publicación deste anuncio no BOP Lugo.

Palas de Rei, 1 de agosto de 2023.- Alcalde, Pablo JoséTaboada Camoira.

R. 2518

O PÁRAMO

Anuncio

ACORDOS PLENARIOS E RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE O NOVO RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO

Constituída a Corporación Municipal o día 17 de xuño de 2023, e celebrado o día 28 de xuño de 2023 o pleno extraordinario á que fai referencia o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase os seguintes acordos plenarios e decretos de Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello:

A.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

A.1 Resolución de alcaldía de nomeamento de concelleiros delegados

Logo da Constitución da Corporación o día 17 de xuño de 2023 e téndose efectuado a toma de posesión do cargo da alcaldía do Concello de O Páramo na mesma sesión.

De conformidade co artigo 23 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local (LBRL), e 43 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) a alcaldía pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno local sen perxuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calesqueira concelleiros, aínda que non pertencen á xunta de goberno local.

De conformidade co artigo 43 do ROF as delegacións competenciais poden ser xenéricas (referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, poidéndose adaptar aos servizos que se presten no concello), ou especiais (para cometidos específicos, que se pode realizar en favor de calesqueira concelleiro).

As delegacións xenéricas poden abarcar tanto a facultade de xestionar os servizos (entendendo por xestión a planificación), a facultade de dirixir (executar o planificado) e a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Á vista do exposto, e a fin de dotar de seguridade xurídica ao reparto competencial entre a alcaldía e as tenencias de alcaldía e concelleiros para mellorar a eficacia e celeridade nas actuacións municipais, esta alcaldía, no exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da LRBL e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA), e de conformidade co establecido no artigo 46.1 do ROF

RESOLVO:

Realizar as seguintes delegacións:

PRIMEIRO.- Delegar no 1º teniente de alcalde, D. Benjamín García Toirán, os asuntos da área de **deporte**.

SEGUNDO.- Delegar na 2ª tenente de alcalde, Dª Verónica Arias López, os asuntos das áreas de **cultura, educación, FP, Universidades e Traballo e recursos humanos**.

TERCEIRO.- Delegar na 3ª tenente de alcalde, Dª Ana Castaño Doce, os asuntos da área de **Xuventude, muller, familia e igualdade**.

CUARTO.- Delegar no concelleiro D. César Gay Chousa, os asuntos da área de **medio rural**.

QUINTO.- Delegar na concelleira Dona Encarnación García López, os asuntos da área de **servizos sociais e benestar**.

SEXTO.-A presente delegación comprende as atribucións de dirección e xestión, pero non a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Os concelleiros delegados terán os seguintes cometidos:

- Dirección e xestión inmediata, vixilancia e inspección de todas as áreas que se lle delegan e a dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.
- Poñer en coñecemento da alcaldía todas as deficiencias que observen nos servizos que lle estean encomendados para que a alcaldía dite as resolucións pertinentes.
- Estudo e propostas de medidas a adoptar para o bo funcionamento dos servizos municipais que se lles delegan.
- Informes con propostas de resolución, si o estima conveniente a alcaldía, xunta de goberno local e pleno, por propia iniciativa ou cando lles exan solicitados en relación coas áreas municipais que lle son delegadas.

CUARTO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

A.2 Resolución de alcaldía de nomeamento de Tenentes de Alcalde

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e logo de proceder o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como Tenentes de Alcalde do Concello de O Páramo aos seguintes Concelleiros:

1º TENENTE DE ALCALDE: BENJAMÍN GARCÍA TOIRÁN
2º TENENTE DE ALCALDE: VERÓNICA ARIAS LÓPEZ
3º TENENTE DE ALCALDE: ANA CASTAÑO DOCE

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento a o *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

A.3 Resolución de alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno local e delegación de atribucións a prol da mesma

En uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear , no suposto da súa creación polo Pleno, como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- Don Benjamín García Toirán.
- Dona Ana Castaño Doce.
- Dona Verónica Arias López.

SEGUNDO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ,ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes atribucións que expresamente se delegan:

- 1.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:
 - Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.
 - Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.
 - Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden con arreglo ás tarifas oficialmente aprobadas.
 - Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.
 - Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.
 - Pagos de IRPF e IVA.
- 2.-O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.
- 3.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- En calquera momento esta alcaldía poderá avocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das atribucións delegadas e resolver sobre o mesmo.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente aos designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data en que se dita a mesma.

B. ACORDOS PLENARIOS**B.1 Constitución da Xunta de Goberno local e periodicidade das sesións ordinarias****ACORDO**

PRIMEIRO. Constituír a Xunta de Goberno Local, cuxo obxecto será a asistencia permanente a Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que Alcalde ou outro órgano municipal deleguelle ou as que lle atribúan as leis.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por un número de 3 Concelleiros que serán nomeados libremente por Alcalde como membros da mesma.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a cuxos efectos se propón que a Xunta celebre sesión ordinaria coa seguinte periodicidade:

- Nos meses de agosto, outubro, decembro, febreiro, abril e xuño o último martes do mes ás 20:00 horas.
- Nos meses de setembro, novembro, xaneiro, marzo e maio o último martes do mes ás 14:30 horas.

B.2 Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

PRIMEIRO.- Establecer para o presente mandato corporativo o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: derradeiro martes dos meses de: febreiro, abril, xuño , agosto , outubro e decembro.

Hora: vinte horas trinta minutos (20:30).

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

SEGUNDO.- Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo ou véspera de festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

TERCEIRO.- En casos excepcionais e concretos debidamente xustificados, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e a hora de celebración das sesión ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

B.3 Constitución e composición das Comisións Infomativas.

ACORDO

PRIMEIRO.- Non constituir neste Concello os órganos ós que se refire o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e preceptos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

SEGUNDO.- Constituí-la Comisión Especial de Contas, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición: -3 representantes do Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.) -2 representante do Grupo Municipal Contamos Galicia Sempre A presidencia será ostentada polo Sr. Alcalde D. José Luis López López.

TERCEIRO.- As sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas celebraranse con anterioridade ao pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía.

CUARTO.- A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Deberá designarse un suplente por cada grupo municipal.

B.4 Delegación de atribucións do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno local.

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuesto -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, aínda que non estean previstos nos Presupostos.
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na Disposición Adicional apartados 2 e 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.
- h) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 51.2 do ROF.

B5 Nomeamento de representantes da Corporación de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno

ACORDO

PRIMEIRO.-Nomear á concelleira, D^a Ana Castaño Doce, representante desta Corporación no Consello Escolar do Colexio Público do Páramo.

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo á concelleira designada e ao Presidente do Consello Escolar do centro respectivo.

B6_Réxime de asistencias a órganos colexiados**ACORDO**

PRIMEIRO. Determinar que tódolos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, percibindo as seguintes indemnizacións: -Por asistencias a Plenos: 50 €. -Por asistencias a Xuntas de Goberno local: 50 € -Por asistencias á Comisión Especial de Contas: 50 €. **SEGUNDO.** Determinar o seguinte réxime de indemnizacións: Polos gastos efectivamente ocasionados no exercicio do cargo, as contías de: - Dietas de kilometraje: 0,25 €/km. No suposto de uso do vehículo particular. - Para a determinación da cuantía das dietas por manutención e aloxamento se estará ao disposto no grupo 1 del Anexo I do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

B.7 Dedicación exclusiva de alcaldía**ACORDO:**

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación exclusiva ao Alcalde-Presidente desta Corporación, o que lle esixirá a adicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

SEGUNDO.-Establecer, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 40.000,00 €

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

O Páramo, 24 de xullo de 2023.- O alcalde, José Luis López López.

R. 2536

A PASTORIZA*Anuncio*

En relación ao proceso excepcional para a consolidación e estabilización como persoal funcionario, laboral fixo e fixo discontinuo das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria 2022, publícase Resolución da Alcaldía de data 31 de xullo de 2023, do seguinte teor literal:

“DECRETO DE ALCALDÍA**DARÍO CABANEIRO SANTOMÉ/ Na Pastoriza na data da súa sinatura**

Visto que o concello levou a cabo un proceso de estabilización de prazas ao abeiro do establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Visto que finalizou o proceso e vistas as cualificacións finais e a relación de candidatos propostos polos Tribunais Cualificadores designados nos procesos excepcionais para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo, fixo discontinuo e persoal funcionario das prazas incluídas en tales procesos segundo a OEP 2022 e segundo consta nas actas expostas no taboleiro de anuncios desta Entidade e na súa sede electrónica.

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 16/06/2023 se aprobou a relación de aspirantes propostos para cada un dos postos, a puntuación obtida por cada un deles e a solicitude de documentación requirida segundo as nases de selección, resolución que foi obxecto de publicación no BOP número 143 de data 23/06/2023.

Visto o establecido nos artigos 26 do Decreto 95/1991 de 10 de marzo, e o 33 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo, conforme aos que o órgano de competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Vista a documentación aportada por cada aspirante e no exercicio das competencias que me confire o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Realizar o nomeamento como funcionario de carreira, e a contratación como persoal laboral fixo e fixo discontinuo dos seguintes:

- PERSOAL FUNCIONARIO

POSTO DE TRABALLO	ASPIRANTE PROPOSTO	
	NOME	DNI
Técnico de Xestión A2	María Dolores Rivas Losada	***3799**
Operario Servicios Especiais	Catalina Iglesias Seivane	***7812**

- PERSOAL LABORAL FIXO

POSTO DE TRABALLO	ASPIRANTE PROPOSTO	
	NOME	DNI
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	Mariluz Sandamil Expósito	***4056**
Ordenanza / Conserxe		
Persoal de Apoio Punto de Atención á Infancia	Carmen Coido Rico	***2576**
Técnico Educación Infantil Punto de Atención á Infancia	Sandra Darriba Méndez	***5087**

- PERSOAL LABORAL FIXO DISCONTINUO

POSTO DE TRABALLO	ASPIRANTE PROPOSTO	
	NOME	DNI
Monitor Deportivo	Álvaro Aldariz Esteban	***4854**
Monitor Deportivo	Juan Manuel García Rozas	***4990**

SEGUNDO: Proceder á formalización dos correspondentes contratos e comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

TERCEIRO: Publicar esta Resolución no BOP de Lugo e na sede electrónica do concello para o seu coñecemento.

CUARTO: Notificar a presente resolución a cada aspirante.

QUINTO: Comunicar esta resolución á Tesourería, aos efectos oportunos, en particular en relación ao cambio da CCC consecuencia da tramitación deste expediente.

Ordénao e asínoo o Sr Alcalde-presidente do que eu Secretaria dou fe.

A Pastoriza, 1 de agosto de 2023.- Alcalde, Dario Cabaneiro Santome.

R. 2519

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA AS CATEGORIAS DE PEÓN DE INCENDIOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax 982367150, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Pedrafita do Cebreiro, 2 de agosto de 2023.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2537

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía número 2023/182, de data 21 de xuño de 2023, o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, nomeou como Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros/as do Concello de Ribeira de Piquín:

- DON ALBERTO FERREIRO FERREIRO.
- DONA MARÍA ENCARNACIÓN ÁLVAREZ MÉNDEZ.

O que se publica para os efectos de xeral coñecemento.

Ribeira de Piquín, 3 de xullo de 2023.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 2538

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía número 2023/181, de data 21 de xuño de 2023, o Sr. Alcalde-Presidente, D. Roberto Fernández Rico, delegou na Xunta de Goberno Local, por motivos de axilidade dos asuntos para unha eficiente e eficaz operatividade, una serie de atribucións que se proceden a detallar, sendo a data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do concello.

A relación de competencias delegadas son as que seguen:

- a) Concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais (esta referencia hai que entendela feita ó artigo 177.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), sempre que aquelas estén previstas no Orzamento e seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos recursos ordinarios, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior; todo elo de conformidade co disposto na Lei reguladora das Facendas Locais.
- b) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados por Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- c) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- d) Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- e) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, os 6 millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido ós recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- f) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.

g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os 3 millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos: A de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento. A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se atope prevista no Orzamento.

h) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

i) As demais que expresamente lle atribúan as leis ou aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

O que se publica aos efectos do previsto no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ribeira de Piquín, 3 de xullo de 2023.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 2539

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 26 de xuño de 2023, aprobouse definitivamente a creación da Xunta de Goberno local e proposta de delegación de competencias do Pleno nesta, así como as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación, o que se publica aos efectos do previsto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e en cumprimento do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entre outros preceptos concordantes e sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á aprobación das mesmas.

Ribeira de Piquín, 3 de xullo de 2023.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

TEXTO

“CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 35.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.O.F.), a Xunta de goberno local intégrase polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, sendo 2 polo tanto o número de membros que a poden integrar, que equivalen ó tercio estricto do número legal de membros da Corporación, que é sete.

A Xunta de goberno local será órgano necesario nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando así o regule o Regulamento orgánico ou sexa acordado polo Pleno do Concello, correspondendo ó Sr. Alcalde o nomeamento de Concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local e conferir delegacións en favor desta.

Co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía considera necesario proceder ó establecemento dun réxime de delegacións de materias cuxa competencia corresponde ó Pleno en virtude da Lei, en favor da Xunta de Goberno Local.

Vistos os artigos 52 e 53 do R.O.F., o Pleno Municipal, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- *Crear a Xunta de Goberno Local, que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 2 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros:*

- D. Alberto Ferreiro Ferreiro

- Dña. María Encarnación Álvarez Méndez

SEGUNDO.- *Delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:*

1.- *O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*

2.- *A declaración de lesividade dos actos do Concello.*

3.- *A concertación das operacións de crédito cuia contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.*

4.- As contratacións e concesións de toda clase cando seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento e, en todo caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere o porcentaxe indicado, referido ós recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado.

5.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estén previstos nos orzamentos.

6.- A adquisición de bens e dereitos cando seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como as enaxenacións patrimoniais nos seguintes supostos:

1º Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstas no Orzamento.

2º Cando estando previstas no Orzamento superen os mesmos porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

7.- As demais que expresamente lle confiren as leis.

TERCEIRO.- As atribucións delegadas deberán exercerse pola Xunta de Goberno Local nos prazos e dentro dos límites desta delegación, sen que sexan susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano.

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 30 de xuño de 2023, ás 10:00 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o último martes de cada mes, ás 15:00 horas, e en caso de que coincida día inhábil, celebrarase o xoves inmediatamente seguinte.

SEXTO.- A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase ós membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

SÉTIMO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2023.”

“RETRIBUCIÓN. INDEMNIZACIÓN E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

De conformidade co disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido polo número dezoito do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local («B.O.E.» 30 diciembre), así como no artigo 18 do Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no eido do sector público, o Pleno Municipal **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes adicacións parciais:

- Alcalde-Presidente; adicación parcial de trinta (30) horas semanais (75%), cunha retribución bruta mensual de dous mil catrocentos oitenta e nove euros con quince céntimos (2.489,15 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadeira en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o un de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta do Alcalde-Presidente, con efectos do vinte e oito de xuño do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, sendo a carga da Corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con adicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a sesións plenarias: cincuenta euros (50,00 €) por sesión.

B.- Por asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: cincuenta euros (50,00 €) por sesión.

C.- Por asistencia a sesións da Comisión Especial de Contas: cincuenta euros (50,00€) por sesión.

CUARTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resoluciones e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2023 que se opoñan a este acordo.”

R. 2540

MINISTERIO DE TRANSPORTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF)

Anuncio

Anuncie ADIF por el que se somete a información pública, a efectos de expropiacións, el **“Proyecto de reparación y mejora de la plataforma entre los PP.KK. 108+300 al 108+800 del tramo Ortigueira- Ribadeo de la línea 740 Ferrol-Pravia”**.

En cumplimiento de los artículos 18 y 19.1 de la Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954, y artículos concordantes de su Reglamento (Decreto de 26 de abril de 1957), se abre un periodo de información pública de quince días hábiles, a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio, sobre la relación de bienes y derechos afectados por la ejecución de las obras definidas en el proyecto de referencia, con el objeto de que cualquier persona pueda aportar por escrito los datos oportunos para rectificar posibles errores de la relación que se publica en este anuncio u oponerse, por razones de fondo o forma, a la necesidad de ocupación.

Con tal motivo, la documentación de expropiacións del mencionado proyecto puede ser examinada, en días y horas hábiles de oficina, en la **Subdelegación del Gobierno en Lugo** (Rúa Armanyá, 10, 27001 Lugo), en el **Ayuntamiento de Cervo** (Praza do Concello, s/n, 27891, Cervo, Lugo), en la **Dirección de Proyectos de Red Convencional de ADIF** (C/ Titán, 4-6, 10ª Planta, 28045 Madrid) y en **Información Pública del Portal de Transparencia de la web de ADIF** (www.adif.es).

Las alegaciones que se formulen irán dirigidas a los citados organismos indicando como referencia **“Proyecto de reparación y mejora de la plataforma entre los PP.KK. 108+300 al 108+800 del tramo Ortigueira- Ribadeo de la línea 740 Ferrol-Pravia”**.

Relación concreta e individualizada de bienes y derechos afectados.

Término municipal de Cervo

Nº DE ORDEN	POLIGONO	PARCELA	TITULARES	EXPROPIACIÓN m2	IMPOSICIÓN SERVIDUMBRE m2	OCUPACIÓN TEMPORAL m2
Y-27.0137-0001	12	9006	Administrador de Infraestructuras Ferroviarias Cl Sor Angela de la Cruz 3 28020 Madrid	733	0	251
Y-27.0137-0002	12	9011	Ayuntamiento de Cervo Pz Do Concello Cervo 27891 Cervo (Lugo)	193	0	0
Y-27.0137-0003	12	492	Rodríguez Pérez, Saladino Av Diputación 69 Pl:04 Pt:A 27879 Xove (Lugo); Rodríguez Costa, Elia Rosa Ps Luís Cebreiro 1 Ex:7 Pl:02 Pt:A 27861 Viveiro (Lugo); Rodríguez Costa; María Luz Lg Rueta A-Cervo 4 27891 Cervo (Lugo)	364	0	0
Y-27.0137-0004	12	528	Ben Eijo, Amelia Lg Madeiro 6 27891 Cervo (Lugo)	150	0	0
Y-27.0137-0005	12	529	Ben Gonzalez, Francisco Javier Ru Fiallega 1 Es:1 Pl:03 Pt:1 27780 Foz (Lugo)	11	0	0

Madrid, 25 de julio de 2023.- El Director General de Conservación y Mantenimiento, D. Ángel Contreras Marín.

R. 2541